

María Montes López

Introducción

Dende hai algún tempo, vímonos ocupando do estudio da novela curta de Alberto Moravia¹. Entre outros aspectos, analizámo-la comparación e tivemos ocasión de comprobar que esta é moi abundante en *I romanzi brevi*. A preocupación moraviana por unha linguaxe na que a exactitude predomine sobre o demais é ben coñecida. Se lemos con atención algunhas das páxinas do escritor romano, axiña imos observar unha grande sinxeleza. Neste senso cómpre dicir que a comparación constitúe un papel fundamental para facer intelixible a súa lectura.

As comparacións de Moravia son moitas e moi variadas, pero ademais son orixinais. O emprego de abundantes comparacións por parte do escritor romano é algo evidente para calquera lector. Neste senso compartímo-la opinión de T. Tornitore:

La prosa di Agostino non fa eccezione alla struttura sintattica moraviana costituita da periodi brevi o, spesso, formati da sottoperiodi interrotti da punti e virgola. Le figure più diffuse sono le similitudini, che sono un indizio forte dell'intellettualità di Agostino, intesa come capacità d'intessere legami fra cose distanti².

Neste traballo, cinguirémonos ó uso da comparación en *La disubbidienza*, xa que nesta novela curta é onde maior número de comparacións atopamos.

En xeral, confúndese a comparación co símil. Así, Marchese e Forradellas³ definen a comparación deste xeito:

La comparación, también llamada símil, es una figura retórica que establece una relación entre dos términos en virtud de una analogía entre ellos.

1. As obras de Moravia agrupadas baixo o título de *I romanzi brevi* son: *La mascherata*, *Agostino*, *La disubbidienza* e *L'amore coniugale*.

2. Cf. T. Tornitore, «Agostino e la critica (II parte)», en *Nuovi Argomenti*, nº 41, (1992), p. 26.

3. Cf. A. Marchese e J. Forradellas, *Diccionario de retórica, crítica y terminología literaria*, Barcelona: Ariel, 1986, p. 66.

Marchese precisa que mentres na comparación os termos parangonados van precedidos das formas correlativas *come...così* ou *quale...tale*, no símil o parangón é directo e vai soamente con *come*⁴.

Claudia Berra define a «similitudine» así:

Nella similitudine la somiglianza è indicata esplicitamente con locuzioni e morfemi comparativi specifici o con altri mezzi lessicali: ciò la distingue e individua rispetto alle altre figure⁵.

Berardi define así o símil⁶:

Secondo la terminologia della retorica classicistica, è una figura di pensiero che ha lo scopo di *chiarire* una situazione, un sentimento, un fatto, ecc. paragonandolo ad un altro, ponendo in rilievo le analogie tra le due situazioni e stabilendo tra essi un *rapporto di uguaglianza*.

Zingarelli define a voz «similitudine» como: «Figura retorica che consiste nel paragonare una cosa a un'altra»⁷. O mesmo Zingarelli identifica a *comparazione* coa *similitudine*⁸. Nós imos falar de comparación cando se establece unha relación entre dous ou máis termos en virtude dunha analoxía entre eles. Neste senso, compartímo-la opinión de Dardano⁹, cando di que na comparación hai sempre un parangón con outro concepto máis coñecido para facer máis claro dito concepto.

No presente traballo ocuparémonos das comparacións nas que os elementos *come*, *simile*, *quale*, etc., constitúen a unión entre as dúas ideas relacionadas, xa que é o campo máis abundante. Non imos analizar aquí a comparación obtida por procedimentos de tipo semántico.

As comparacións empregadas polo escritor romano son, como xa dixemos e teremos ocasión de comprobar, abundantísimas e moi variadas.

Tipos de comparacións en Moravia

Faremos tres grupos de comparacións: con seres humanos, con animais e con cousas. Dentro de cada grupo imos considerar distintos tipos.

4. V. A. Marchese, *Dizionario di retorica e di stilistica*, Milano: Mondadori, 1978, p. 55.

5. Cf. C. Berra, *La similitudine nei «Rerum Vulgarium Fragmenta»*, Lucca: Maria Pacini Fazzi Editore, 1992.

6. Cf. R. Berardi, *Dizionario dei termini della critica letteraria*, Firenze: Le Monnier, 1989, p. 203.

7. Cf. N. Zingarelli, *Il Nuovo Zingarelli*, Bologna: Zanichelli, 1984, p. 1806.

8. Cf. N. Zingarelli, *op. cit.*, p. 409.

9. V. M. Dardano, *Nuovissimo Dizionario della Lingua Italiana*, Roma: Armando Curcio Editore, 1986, vol. 2, p. 1946.

Comparacións con seres humanos

As comparacións con seres humanos constitúen un grupo moi numeroso en *La disubbidienza*. Dentro das comparacións con seres humanos imos establece-los seguintes apartados¹⁰:

Comparacións con actitudes humanas

Entre as comparacións referidas ó ser humano, as máis abundantes son as que fan referencia ás diferentes actitudes do home. En primeiro lugar citaremos unha na que Moravia compara o ceo chuvioso cunha persoa que chora a causa dunha gran dor e que, logo dun momento de serenidade e calma, empeza de novo a chorar:

Era come una persona, il cielo, che, piangendo per qualche suo profondo dolore, sembrasse ogni tanto calmarsi e rasserenarsi, ma poi, ripresa dal cordoglio, ripigliasse, con rinnovata abbondanza e violenza a lacrimare (249)¹¹.

A actitude de Lucas, o protagonista, é obxecto de parangón coa dun crente:

Come un credente ritorna al tempio della sua religione per rafforzarsi nella fede, così lui, mettendo piede nel luogo della sua rinunzia più solenne, aveva voluto convincersi dell'impossibilità di tornare indietro dalla rinunzia stessa (267).

Tamén rexistramos unha comparación anímica na que Moravia parangona a Lucas, que está nun estado semiinconsciente pola febre, cun viandante no medio das tebras e das árbores dun bosque:

Ma tutto il tempo, poi soggiacendo agli incubi del delirio, aveva la sensazione di farsi strada tra le allucinazioni, come un viandante tra i tronchi e le tenebre di una foresta (296).

Noutra ocasión, é obxecto de comparación o sentimento de Lucas polos mobles que o rodean no seu cuarto. Moravia parangona estes mobles a vellos amigos afectuosos:

Ma la sua simpatia non aveva, come gli parve, origini erotiche; come quella, tutta mescolata di ribrezzo, che a suo tempo aveva provato per la governante. Quale infatti la provava per la donna l'aveva provato poco prima per le bottiglie; e se, dalla donna, volgeva gli sguardi alla stanza, sentiva di provarla anche per i mobili, non piú ossessionanti e gonfi di assurdità, ma familiari e tranquilli, simili, con le loro presenze immobili, a vecchi amici affettuosi (298).

10. Seguímo-la distribución que fixo Isabel González: «La comparación en el infierno dantesco», en *Homenaje al Profesor Luis Rubio*, Murcia: Universidad de Murcia, 1987-88-89, vol. 4º, pp. 461-99.

11. Citarei sempre polas súas obras completas: Milano: Bompiani, 1975. Ata novo aviso, os números entre parénteses refírense á novela citada.

O exemplo seguinte pítano-lo que Lucas tería sentido de estar no lugar do profesor, é dicir, unha tiranía intolerable:

Luca non poté fare a meno di pensare che, se fosse stato al posto del professore, avrebbe risentito come una tirannia intollerabile il fatto di compiere quei gesti che, ogni mattina, si ripetevano precludendo, a loro volta, ad altri gesti anche essi sempre eguali (281).

Igualmente atopamos unha comparación entre a actitude de Lucas e a dun avaro que acumula cartos:

Ma poi, prevalendo in lui sul gusto disinteressato del gioco la passione del collezionista, si era contentato di allinearli nello scatolone come un avaro accumula monete in fondo a un cassetto (234).

Finalmente, dentro das comparacións que son actitudes humanas que poderíamos chamar físicas, imos facer referencia a unha na que se parangona a faciana da enfermeira que coida a Lucas coa dunha muller madura:

Aveva la testa avvolta, come gli parve, in una specie di turbante bianco; sotto il quale il viso appariva bruno, macerato e prezioso, come di una donna matura accuratamente imbellettata (297).

Comparacións con actividades humanas

Imonos referir agora ás comparacións que teñen como termo iluminante a unha persoa en función do seu oficio¹².

En primeiro lugar imos citar un exemplo no que Moravia parangona a actitude do pai de Lucas coa dun cazador que sae ó amencer para busca-lo sustento da súa familia:

Suo padre, come il cacciatore primitivo che esce all'alba dalla caverna, armato di arco e di freccia, per uccidere qualche animale col quale nutrire la famiglia, usciva ogni mattina di casa per cercare nella città il denaro che serviva a sostentarlo (251).

Comparacións con animais

E un grupo moi importante. Establecerémo-los seguintes apartados, segundo a especie á que pertenzan:

12. Dos dous termos de cada comparación, só nos interesa neste apartado o iluminante, xa que este é o máis inspirado pola imaxinación libre do escritor.

Comparacións con mamíferos

As comparacións con animais domésticos son bastante frecuentes. Citaremos en primeiro lugar un exemplo no que se compara a falta de forza e coraxe que Lucas sente, cun cabalo canso debaixo do xinete que o esporea:

Non era la volontà che gli mancava, bensì non sapeva che impulso fisico, che coraggio del corpo. Il quale gli pareva talvolta che gli mancasse di sotto, come un cavallo stremato e ottenebrato dalla fatica sotto il cavaliere che lo sprona invano (213).

O can tamén é obxecto de varias comparacións. Citaremos a continuación unha na que se parangona a unha serie de animais ó redor da cama de Lucas cuns cans ó redor dun óso:

Ma invece della morte venne il delirio. Un congresso di corpulenti animali armati di proboscide sedeva con gravità intorno il suo letto, un po' come tanti dottori al capezzale di un moribondo. Dondolavano la testa, poi, come tanti cani intorno un osso, si gettavano a ginocchio intorno il letto, allungando le proboscidi sulle coltri (293).

Comparacións con reptís

Rexistramos un caso de comparación cun lagarto. Aquí o parangón faise entre unha planta cuns movementos que serían parecidos ós dun lagarto:

E poi, ecco, una pianta intera gremita di capelli si staccava dal crepaccio e, simile ad un enorme lucertolone catafratto, prendeva a muoversi rapidamente, qua e là, correndo sulla parete (294).

Comparacións con seres inanimados

Este é o grupo máis numeroso. Aquí inclúese todo tipo de cousas. Dentro deste apartado imos distinguir varios subgrupos.

Comparacións con fenómenos atmosféricos

Atopamos unha comparación co xelo, concretamente parangónase a formación do xelo nas noites invernais coa formación dunha frase no ánimo de Lucas:

La frase gli venne su dall'animo, come se si fosse formata da sé, durante il sonno, per spontanea coagulazione, allo stesso modo del ghiaccio durante le notti invernali (232).

Tamén rexistramos unha comparación coa néboa. Concretamente Moravia parangona o extenderse do aburrimiento co subir da néboa polas rúas desertas:

Un'aria di noia si spandeva fuori dai cancelli e risaliva come una nebbia su per le strade deserte che si intersecavano ad angolo retto (271).

Comparacións con accidentes xeográficos

Imos incluír aquí as comparacións que teñen relación con algo da natureza coma os ríos, os torrentes, as montañas, etc. En primeiro lugar citaremos unha comparación entre unha montaña de paredes lisas e a sensación que sente Lucas ante as cousas que ten que aprender:

Anche se talvolta gli sembrava che le cose che doveva imparare non gli si presentassero distribuite ordinatamente nell'avvenire, secondo i giorni e i mesi dell'anno scolastico, ma tutte raccolte davanti a lui, in una massa ritta e invalicabile, simile ad una montagna le cui lisce pareti non offerissero alcun appiglio per aggrapparsi e sormontarla (213).

Noutra ocasión un torrente é obxecto de comparación coa pasión que arrastraba ó protagonista:

La passione lo trascinava lontano dalle antiche fermezze, come un torrente limaccioso e violento che non consenta né di nuotare né di poggiare il piede sulla terraferma (271).

Comparacións con pedras preciosas

Polo que a comparación con pedras preciosas se refire, imos citar un caso de comparación co diamante. Aquí é obxecto de comparación un ollo fúlvido coa citada pedra preciosa:

In cima ad ogni setola c'era una specie di ventosa circondata da tante ciglia vibranti, e tra le ciglia, un occhio fulgido come un diamante (293).

Comparacións con astros

O sol, astro por excelencia, é o término de comparación nunha ocasión. Trátase dun parangón entre a idea vaga que Lucas ten da faciana dos seus pais co sol que non se pode mirar, e cuns contornos que non se poderían definir:

Come il sole che non si può guardare in faccia e che è tutta luce e nient'altro che luce e di cui non si potrebbero definire i contorni, allo stesso modo c'era stato un tempo in cui egli aveva ignorato che volto avessero i genitori (229).

O planeta Marte é obxecto dunha comparación, concretamente parangónase a punta acesa dun cigarro na escuridade co citado planeta: «Questa punta rossa, simile al pianeta Marte in un nero cielo invernale, si avvicinava oscillante» (262).

Comparacións varias

Citaremos aquí un conxunto de comparacións que non encaixarían concretamente en ningún dos outros apartados vistos ata agora e que van dende obxectos moi concretos, como por exemplo un tambor ou os bordos dunha ferida.

En primeiro lugar rexistramos unha comparación entre a voz do profesor e a dun gramófono roto:

Sempre più spesso gli capitava di distrarsi a scuola, lasciando che le voci dei professori girassero in tondo, in un vuoto e sospeso silenzio, come quella di un grammofono rotto che ripete indefinitamente la stessa frase (249).

A continuación veremos tres comparacións entre a gobernante e diferentes cousas. En primeiro lugar encontramos un parangón entre tres enrugadas dela e tres colares:

Dal viso le sue dita scesero sul collo e Luca ricordò che la donna aveva tre pieghe simile a tre collane, che le rendevano il collo come macerato (261).

En segundo lugar, compáranse os seus labios inertes cos bordos dunha profunda ferida: «Simili agli orli di una profonda ferita, quelle labbra parevano inerti e senza vita» (262).

En terceiro lugar, establécese unha comparación entre a lonxana figura da gobernante e unha parada nun camiño:

Gli parve di vedere molto lontana la figura della governante, come una tappa ormai sorpassata di un chiaro cammino (267).

A comparación establécese agora entre os movementos dunha serpe e mailos dunha cinta no aire: «Il serpente si torceva per l'aria simile ad un nastro svolazzante» (294).

Agora o parangón faise entre o ventre dunha muller e un tambor: «E vero che sulla parete di fronte sporgeva invece un ventre nudo di donna, bianco e gonfio, teso come un tamburo» (295).

Noutra ocasión parangónanse as colinas cos peitos:

Come se i boschi si fossero ad un tratto riscossi per ogni albero dall'immobilità invernale, i fiumi si fossero gonfiati, i campi avessero fermentato, le colline si fossero intenerite e colmate di linfa quali mammelle (312).

A cara da enfermeira é obxecto de comparación coa dunha efíxie:

Pieno di gratitudine, si accorse che baciava il viso magro e bruno, dagli occhi socchiusi, immobile come un'effigie (314).

Finalmente imos citar un parangón co lume:

Così, pensò una volta di più, la sua ripugnanza non serviva che a rendere più complicato e più forte il desiderio, come un fuoco che si alimenti anche dell'acqua che dovrebbe spegnerlo» (261).

Recapitulacións

Na maioría das comparacións Moravia recorre a elementos comúns neste tipo de procedemento retórico: o sol, o lume, a néboa, as plantas, etc. Un grupo tamén numeroso fórmano aquelas comparacións que teñen como termo de referencia aspectos concretos do home, da súa vida física e as súas actividades.

Dende o punto de vista gramatical Moravia prefire as comparacións sen ningunha partícula comparativa no primeiro termo da comparación e *come* no segundo. Son tamén frecuentes, aínda que menos abundantes cás mencionadas, as comparacións introducidas por *simile*. Só rexistramos un caso de comparación introducida por *quale*. Estatisticamente falando citaremos dezanove casos de comparación introducidos por *come* fronte ós oito exemplos nos que a partícula introductoria é *simile*. Soamente constatamos un caso no que aparece *quale*.

A comparación «literaria» ou máis orixinal é abundantísima en Moravia. O normal no escritor romano é o emprego de comparacións pouco correntes pero que resulten claras ó lector. O abundante uso de comparacións é un aspecto moi importante da linguaxe moraviana. Neste senso imos facer referencia a un parangón entre a participación de Lucas na vida e unha corda moi débil:

Simile a un filo troppo debole, la sua partecipazione alla vita si spezzava continuamente né egli si curava di riannodarlo (316).

Como recapitulación final, cómpre dicir que, como tódalas outras comparacións de *I romanzi brevi*, as da obra aquí analizada son eficaces, equilibradas e axeitadas á fin que pretenden¹³. Porque Moravia emprega a comparación para fixar ben a imaxe que o escritor busca. Pensamos que esta é unha característica da lingua do escritor romano e o seu interese quedará determinado unha vez estudiada toda a súa obra. Esperamos que estas liñas sirvan como achegamento á

13. A modo de exemplo, imos citar aquí un caso de comparación atopado en *Agostino*, obra mestra do escritor romano:

«I ragazzi presero in diagonale attraverso la piazza, camminando due a due come i frati» (p. 149). Aquí a comparación establécese cos frades, que adoitaban camiñar de dous en dous. É realmente moi colorida.

mentada característica e como unha pequena contribución ó estudio da linguaxe metafórica da obra de Moravia, que de momento non foi obxecto de estudos específicos.

María Montes López
Universidade de Santiago de Compostela

Bibliografía consultada

Berardi, R., *Dizionario di retorica e di stilistica*, Milano: Mondadori, 1978.

Berra, C., *La similitudine nei «Rerum Vulgarium Fragmenta»*, Lucca: Maria Pacini Fazzi Editore, 1992.

Dardano, M., *Nuovissimo Dizionario della Lingua Italiana*, Roma: Armando Curcio Editore, 1986.

González Fernández, I., «Comparacións de tema relixioso na *Divina Commedia*», *Boletín Galego de Literatura*, nº 6, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1991.

———, «La comparación en el *Infierno* dantesco», en *Homenaje al Profesor Luis Rubio I*, vol. 4º, Murcia: Universidad de Murcia, 1987-88-89.

———, «La comparación en el Purgatorio dantesco» en *Homenaje a Alonso Zamora Vicente*, 3 vols., Madrid: Castalia, 1991, t. III, pp. 31-47.

———, «La comparazione nel *Paradiso* dantesco», en *Homenaxe ó Profesor Constantino García*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1991.

———, «‘Significar per verba’: Lessico e similitudini nel Canto I del *Paradiso*», en *Lecture Classensi*, 20/21, Ravenna: Longo Editore, 1992, pp. 175-183.

Marchese, A., *Dizionario di retorica e di stilistica*, Milano: Mondadori, 1978.

Marchese, A.-Forradellas, J., *Diccionario de retórica, crítica y terminología literaria*, Barcelona: Ariel, 1986.

Rebollo Torio, M.A., «La comparación en Baroja», *Anuario de Estudios Filológicos*, VIII, Cáceres, 1985, pp. 257-266.

Suárez Solís, S., *El léxico de Camilo José Cela*, Madrid: Alfabeta, 1969.

Tornitore, T., «Agostino e la critica» (II parte), en *Nuovi Argomenti*, nº 41, (1992), pp. 23-42.

Zingarelli, N., *Il Nuovo Zingarelli*, Bologna: Zanichelli, 1984.